

AVALIA-T PUBLICA O INFORME SOBRE A EFECTIVIDADE DA TERAPIA DE VENTOSAS.

A [Rede Española de Axencias de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do SNS \(RedETS\)](#) publicou novos informes onde analiza a eficacia e seguridade da acupuntura, o pilates, o ioga, a terapia floral, a reflexología, a musicoterapia, a terapia con ventosas, a meditación e a masaxe estrutural profunda. Estes informes enmárcanse nos obxectivos do [Plan de protección da saúde fronte ás pseudoterapias](#), promovido polo Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Ciencia e Innovación. O seu obxectivo é dar información á cidadanía, sobre efectividade e seguridade de tratamentos e intervencións, que axude a unha toma de decisións baseada en probas científicas.

Avalia-t elaborou o informe sobre a efectividade da terapia de ventosas. Esta terapia consiste na aplicación de ventosas (copas), habitualmente de cristal, sobre a pel en diferentes puntos do corpo. Nas indicacións avaliadas no informe (patoloxías non osteomusculares como hipertensión, dismenorrea ou virus do herpes zoster) a terapia non é efectiva, polo que a recomendación é non utilizala.

Consulta [aquí](#) o informe completo.

Outros informes publicados previamente sobre magnetoterapia estática, a dieta macrobiótica, a masaxe tailandesa e a sanación espiritual activa pódense consultar [aquí](#).